

## **ENERXIA FOTOVOLTAICA**

O 7 DE xullo publícase no DOG a **Resolución do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica**, para o ano 2021-2022, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421S).

### **Entidades beneficiarias**

Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:

- a) As entidades locais de Galicia e entidades delas dependentes.
- b) As entidades sen ánimo de lucro.
- c) Empresas legalmente constituídas e autónomos; incluídas as empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

Os centros de consumo en que se actúe deben estar situados en Galicia e corresponder a empresas incluídas no ámbito de actuación das presentes bases.

As empresas deberán cumplir co criterio de autonomía e demais requisitos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

O **obxecto** destas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos (procedemento IN421S).

O procedemento administrativo para a concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva.

O **prazo de presentación** das solicitudes de axuda comezará o **16 de xullo, ás 9.00 horas**, e finalizará o **1 de decembro de 2021**.

**As solicitudes presentaranse obligatoriamente por medios electrónicos**

**PANTON, XULLO 2021**

